

**POEMARIO** A poeta Yolanda Castaño e a actriz Belén Constenla presentaron en Sargadelos 'Caderno apócrifo da pequena defunta' de Estévez

# Para cicatrizar **silencios**

**Aleixandre gaba o exercicio de 'enxeñería xenética' de David Creus en 'Palabras para un parque hidráulico'**

maré • Santiago

Foron a poeta galega Yolanda Castaño e a actriz Belén Constenla que puo voz ós textos do libro, as encargadas de presentar o poemario de Eduardo Estévez, titulado *Caderno apócrifo da pequena defunta*, que foi gañador do XV Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón do concello de Dodro en novembro deste mesmo ano. O acto de presentación celebrouse onte na Galería Sargadelos ás 20:00 horas e no mesmo tamén se presentou o novo libro de David Creus, *Palabras para un parque hidráulico*, que foi recoñecido co 1º premio de poesía Afonso Eanes de Negreira e que contou coa presentación de luxo da poeta Marilar Aleixandre.

Na presentación do libro de Eduardo Estévez, dixo Yolanda Castaño que *Caderno apócrifo* se trata dun "libro visual no que é moi importante ter en conta a dirección artística." Dos seus versos Castaño destacou que "aman ás mulleres, que viven e morren nelas." Ese "elas" constitúe para a poeta un "suxeito lírico polifacético que se coa como un gas da segunda á terceira persoa, e de



De esquerda a dereita, Yolanda Castro, Marilar Aleixandre, David Creus, Belén Constenla, e Eduardo Estévez.

## ||| **A CERNA** ||| **Arredor do sexo e os versos**

A poeta Yolanda Castaño cre que a obra de Eduardo Estévez propón se existe unha relación do texto co sexo da man que o tira, que condicione a súa escrita.

ser vítima pasa a ser culpable." Para Castaño, este poemario xira en torno á reflexión do "feminino" para preguntarse se se trata dun "oco ou deconstrucción." Pero nesta obra dá tempo tamén a falar do "que se cala, a vivir do que non se pode dicir", asegurou Yolanda Castaño, para referirse a esa "decadencia divina de princesas mortas" á que alude o libro

que xoga cunha dobre voz chea de equívocos que para Castaño exporá unha "discusión dos xéneros e sobre que tipo de veracidade temos que reclamar como lectores".

Foi a escritora Marilar Aleixandre a que presentou o libro de David Creus, *Palabras para un parque hidráulico* do que destacou o seu traballo de "enxeñería xenética". ●